



# Bases legais da Promoción “Primer ingreso”

## CONDICIÓN DA PROMOCIÓN

L'entitat mercantil BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., amb domicili a Bilbao, Plaza de San Nicolás núm. 4, i amb CIF núm. A48265169 (d'ara endavant, BBVA), organitza aquesta promoció denominada “PRIMER INGRESO” (d'ara endavant, la promoció), que es regeix per les bases legals següents (d'ara endavant, les bases legals).

### 1. En que consiste a Promoción?

A Promoción ten por obxecto incentivar o primeiro ingreso (importe igual/superior a 5 €) na Conta do BBVA dos clientes titulares da referida conta e que fosen seleccionados polo BBVA para poder acceder a esta promoció.

Se cumpres os requisitos da promoció, obterás unha bonificación mínima de 5 € netos e máxima de 15 € netos.

### 2. A quen está dirixida a promoció?

A Promoció está destinada a persoas físicas maiores de 18 anos na data de inicio da Promoció, e que fosen seleccionadas polo BBVA para se poderen beneficiar dela.

Só poderán participar na Promoció os clientes que reciban a invitación para participaren por parte do BBVA a través das canles de comunicación: móbil, correo electrónico ou área privada dentro da app ou do web do BBVA.

### 3. Que tes que facer para adherite á promoció?

Asinar este boletín de adhesión á promoció antes do 30 de xuño de 2026. Nesta data finaliza a promoció. (Período de vixencia).

### 4. Quen está excluído de participar na Promoció?

Quedarás excluído da participación na presente Promoció se, durante o Período de vixencia e ata a entrega da bonificación, es debedor fronte ao BBVA por calquera cantidade vencida e esixible. Nese suposto, terás que regularizar a situación antes da recepción da bonificación. Se chegada a data para o ingreso da bonificación non regularizaches a débeda, perderás o dereito a recibila e non che será ingresada.

Poderás participar nesta Promoció sempre que non te beneficiases con anterioridade dalgunha outra promoció por domiciliar a túa nómina, pensión ou prestación por desemprego no BBVA, ou outra promoció por incentivo de uso de tarxeta de débito ou crédito, ou por domiciliación de recibos.

Quedarás excluído da participación na Promoció en caso de que interviñeses na súa organización, así como se es empregado en activo e prexubilado tanto do BBVA como do seu grupo de empresas.

## 5. Que pasos debes seguir para poder participar na Promoción?

Para poder participar na Promoción debes seguir os seguintes pasos:

- Ser cliente do BBVA.
- Que non causes baixa como cliente BBVA durante os 6 meses anteriores ao.
- Comezo da Promoción. Ter asinado o contrato multicanle do BBVA.
- Aceptar e asinar as presentes Bases Legais.
- Realizar na túa Conta BBVA (conta transaccional con operativa propia de servizos de pagamento) un primeiro ingreso (transferencia, bizum, ingreso nun caixeiro automático ou coa axuda dun xestor comercial nunha oficina do BBVA) por un importe de igual/superior a 5 € no prazo máximo de 2 meses desde a data en que asinaches a Promoción.

## 6. Que bonificación recibirás e cando?

No caso de cumprires coas condicións de participación e de que realices os pasos indicados no punto anterior, recibirás a seguinte bonificación:

- Se o teu ingreso está comprendido entre 5 € e 15 € (ambos incluídos), o premio neto que recibirás será igual ao importe do ingreso.
- Se o teu ingreso é superior a 15 €, o premio que recibirás será igual a 15 € netos.

O ingreso da bonificación estará supeditado ao cumprimento das condicións previstas nas Bases legais. O BBVA ingresará a Bonificación na Conta BBVA do titular, logo da verificación das condicións establecidas nas Bases legais, o último día hábil do mes en curso e non máis tarde do prazo de seis (6) meses desde a recepción da invitación para participar na Promoción.

A bonificación non será susceptible de cambio, alteración ou compensación. Se se rexeita a bonificación non se ofrecerá ningunha alternativa.

## 7. Como se notifica o premio?

A comunicación da Bonificación realizarase, como moi tarde, aos seis meses contados desde a data en que cumprires as condicións recollidas nestas Bases legais, e realizarase mediante o propio ingreso da bonificación na Conta BBVA, co concepto "Bonificación Promoción comercial".

## 8. Que supón a aceptación das Bases legais?

A aceptación das presentes Bases legais supón a plena conformidade con elas, así como a aceptación do criterio do BBVA na resolución de calquera conflito que puidese xerar a interpretación destas. Como participante, deberás seguir as instrucións que puidese cursar, se é o caso, o BBVA.

O BBVA resérvase o dereito de desqualificarte, segundo o seu criterio exclusivo, se manipulas, intentas manipular a Promoción ou violas calquera dos termos e condicións das presentes Bases legais.

O BBVA poderá adoptar as decisións necesarias para a resolución das controversias e conflitos que xurdan no desenvolvemento da Promoción, sempre que estas non te prexudiquen indebidamente e resulten equitativas.

No suposto de non cumprires as condicións de participación anteriormente aplicables, ou de non cumprires con todos os requisitos establecidos nas Bases Legais, non terás dereito a recibir a bonificación nos termos establecidos nestas.

## 9. Que acontece en caso de incumprires as condicións da Promoción?

No suposto de incumprires calquera das condicións establecidas nas Bases Legais, incluídas as obrigas que permanezan viventes tras a entrega da bonificación nos termos previstos nestas, cancelaráse a Promoción e, no caso de que recibes a bonificación, terás a obriga de devolvela.

O BBVA realizará un cargo polo importe da Bonificación entregada na Conta en que se realizou o ingreso da bonificación en concepto de penalización e aplicarase con independencia do saldo que manteñas na túa conta.

No caso de non haber saldo suficiente, o cargo pola penalización xerará un descuberto. Se incumpres as Bases legais da Promoción, esta quedará automaticamente cancelada, aínda que con posterioridade cumpras as súas condicións.

A comunicación por incumprimento serache enviada por correo electrónico ao enderezo electrónico que indicases no proceso de alta de cliente no BBVA dentro dos seguintes 30 días contados desde a data de incumprimento dalgunha das condicións antes descritas ou desde a data na que, se é o caso, o BBVA teña coñecemento do incumprimento.

Se incumpres as Bases Legais da Promoción, esta quedará automaticamente cancelada, aínda que con posterioridade cumpras as condicións.

## 10. Que acontece en caso de cometeres ou de existir fraude?

En caso de que o BBVA, ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente á Promoción, detecte calquera anomalía ou sospeite que estás a impedir o normal desenvolvemento desta, poderá de forma unilateral eliminar a túa intervención na Promoción. Con esta finalidade, o BBVA habilitou os necesarios soportes tecnolóxicos para detectar unha posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación co obxectivo de lograr a bonificación de forma ilícita. Polo tanto, o BBVA resérvase o dereito de eliminar o teu rexistro se evidencia ou sospeita unha actuación irregular no sentido descrito.

## 11. Cal é o período de reclamación?

O período de reclamación da Promoción finaliza transcorridos 12 meses desde a data de finalización do "Período de vixencia".

## 12. Que tratamento se dará aos teus datos de carácter persoal?

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. con domicilio social na Plaza de San Nicolás, 4, 48005, Bilbao e enderezo electrónico [consultasgenerales@bbva.com](mailto:consultasgenerales@bbva.com) é o responsable do tratamento dos datos persoais que nos facilites con motivo da túa participación na Promoción.

O BBVA necesita tratar os seguintes datos persoais: nome e apelidos, idade, NIF/NIE/pasaporte, número de conta no BBVA e tarxeta de débito no BBVA, coa finalidade de levar a cabo a organización, control e seguimento da promoción e para a entrega da bonificación ou premio, en caso de cumprir coas condicións requiridas.

Conservaremos os teus datos persoais para este tratamento concreto durante a vixencia da relación contractual. Unha vez finalizado o devandito prazo, manteremos bloqueados aqueles datos persoais que sexan necesarios durante os prazos de prescrición legal para os exclusivos efectos de reclamacións ou accións legais. Transcorridos os prazos de prescrición legal, destruiremos os teus datos.

BBVA non comunicará datos persoais a terceiros, salvo que a lei nos obrigue ou se obteña o correspondente consentimento para facelo.

Poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, mediante un escrito a través de [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com). A supresión dos datos necesarios para a xestión da Promoción suporá a baixa automática da Promoción. Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, poderás contactar co delegado de protección de datos do BBVA no enderezo [dpogrupobbva@bbva.com](mailto:dpogrupobbva@bbva.com). En calquera caso, poderás presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

## 13. Que fiscalidade ten a bonificación?

O aboamento da bonificación constitúe un rendemento de capital mobiliario monetario suxeito a retención aos tipos vixentes no momento de realizalo, que actualmente para residentes fiscais en territorio español é do 19 %.

Para os suxeitos pasivos do imposto da renda de non residentes (IRNR) sen establecemento permanente (EP), o aboamento da bonificación será un rendemento non suxeito a retención na medida que quede acreditada a non residencia en España mediante a declaración de residencia fiscal (DRF), que ten vixencia indefinida en tanto non se produza ningunha alteración das circunstancias declaradas. Se non se acredita a non residencia, o aboamento da bonificación quedará suxeito a retención (actualmente ao tipo do 19 %).

O BBVA, ademais do aboamento do importe bruto da bonificación, farache un cargo na Conta BBVA correspondente á retención fiscal, ingresará ese importe no Tesouro por conta túa e porá a disposición, de cara á túa declaración da renda, a información fiscal correspondente. Imputarásese tanto o rendemento coma a retención, independentementedo resto de titulares que houber na túa Conta BBVA onde se domicilia. Todo o anterior, sen prexuízo das modificacións fiscais que se poidan realizar durante a validez desta promoción.



En caso de dúbida, consulta co teu asesor fiscal.

#### **14. Cal é a responsabilidade do BBVA na Promoción?**

O BBVA non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou a Internet que puidesen afectar á túa participación na Promoción.

O BBVA resérvase o dereito de anular calquera participación ou calquera participante se existen sospeitas dunha manipulación incorrecta da Promoción.

Así mesmo, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos participantes e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas de toda natureza que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada.

O BBVA queda facultado para resolver calquera contingencia non prevista nas presentes Bases legais.

Aceptas que o BBVA poida adiar, acurtar, prorrogar, modificar, cancelar ou suspender a Promoción debido a causas de forza maior alleas ao seu control, en cuxo caso se compromete a informarte desa circunstancia o máis axiña posible.

No caso de que calquera cláusula destas Bases legais sexa declarada nula ou non válida, seguirán en vigor as restantes cláusulas non afectadas por esta.

#### **15. Lexislación e foro**

Para calquera controversia aplicarase a lexislación española ante os xulgados e tribunais correspondentes ao domicilio do participante que aceptou estas bases.